



Concello de Foz

Expediente núm.: 521/2020

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

Data de iniciación: 08/05/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar e que se resumen a continuación:

Contrato de obra: Acondicionamiento caminos Vilaronte. Caminos 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019)			
Procedemento: Aberto (art 156 LCSP)	Tramitación: urgente	Tipo de contrato: Obra	
Clasificación CPV: 45233142-6	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 44.782,28 €	Impostos: 21%	Total: 54.186,56 €	
Valor estimado do contrato: 44.782,28 €	Impostos: 21 %	Total: 54.186,56 €	
Financiación: 100% Deputación Provincial de Lugo a través do Plan provincial único de cooperación a concellos 2019 cun importe máximo de 54.186,56 €			
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Sí	Garantía complementaria: Non	

Visto que en relación á división en lotes, enténdese que NON resulta aplicable neste caso con base na seguinte motivación:

En aplicación do artigo 99.3 da LCSP non existirá a división en lotes posto que a execución independente das diversas obras comprendidas no obxecto do contrato non o permite desde o punto de vista organizativo. O obxecto do contrato é a unha obra completa segundo se xustifica no proxecto técnico elaborado ao efecto.


Resulta lóxicamente entendible que a obra descritas no proxecto como obra completa, manteñen a súa integridade na fase de licitación do contrato.

A facilidade de acceso ás pequenas e medianas empresas e a ampliación da concorrência, son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato con todo, o órgano de contratación entende que a cuantía do contrato, así como, o procedemento empregado garanten a participación de pequenas e medianas empresas.

Queda xustifico por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultará a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao constituír unha obra completa de pequena entidade.

Entendendo que a natureza e obxecto deste contrato non o permiten, non se considera a división lotes.

Á vista do expediente de contratación tramitado:



Concello de Foz

Documento	Data/Núm.
Proxecto acondicionamento de camiños - "Camiños en Vilaronte"	08/05/2020
Informe técnico sobre viabilidade urbanística	11/05/2020
Informe de Secretaría 2020-0026 – "Desfavorable á aprobación do proxecto ata subsanación de defectos advertidos"	12/05/2020
Anexo I ao proxecto acondicionamento de camiños - "Subsanación defectos"	25/05/2020
Ditame da comisión informativa de asuntos preparatorios do pleno - "Favorable"	28/05/2020
Acordo Xunta de Goberno Local - "Aprobación do proxecto"	02/06/2020
Decreto de Alcaldía 2020-0541 - "Incoación expte"	18/06/2020
Cadro de Características Particulares	18/06/2020
Prego de cláusulas administrativas	18/06/2020
Informe de Secretaría n.º 2020-0077 _____	18/06/2020
Informe de intervención de existencia de crédito nº 2020-0153	18/06/2020
Informe de intervención fiscalización fase A nº 2020-0154	18/06/2020

Visto que no expediente n.º 521/2020, estase a tramitar procedemento de contratacións da obra para a execución do "proxecto de acondicionamento de camiños en Vilaronte", estando prevista a súa licitación electrónica mediante a plataforma de licitación VORTAL.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,


PROPOÑO

PRIMEIRO. Que se aprrobe o expediente de contratación mediante procedemento aberto urxente, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adjudicación, para o Contrato de obra: Acondicionamiento caminos Vilaronte. Caminos 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019), nas condición expostas no presente Decreto, así como, no proxecto técnico redactado e presentado polo Arquitecto Técnico municipal D. Rafael Marful López, de 08 de maio de 2020.

SEGUNDO. Aprobar o gasto que supón a realización do presente contrato por importe total de 54186,56 euros con cargo á partida orzamentaria 454.619001 no orzamento prorrogado do Concello de Foz para o 2020 do orzamento vixente.

TERCEIRO. Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares dos que formará parte o cadro de características particulares, así como, os cadros de características particulares que forma parte dos primeiros, e finalmente os prescricións técnicas que rexerán o contrato de obra para a execución do "proxecto de acondicionamento de camiños en Vilaronte" do concello de Foz.

CUARTO. Que se publique no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo mínimo trece (13) días os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes



Concello de Foz

QUINTO. A composición da Mesa de contratación, que se publicará no perfil do contratante, será a seguinte:

Presidente

Titular: Alcalde Concello de Foz

Suplente: 2º Tenente de Alcalde

Secretario

Funcionario adscrito a Secretaría. Ana María Pérez Moreda

Vocales

-O Secretario Xeral do concello (Víctor Voces López), ou persoa que o substitúa.

- A Interventora municipal (Yolanda González Rodríguez), ou persoa que o substitúa.

-Arquitecto municipal (Antonio Vizoso Hermida). Suplente: Arquitecto técnico (Rafael Marful López)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

